



CONCELLO  
DE  
FORCAREI

Praza da igrexa, nº 1 · 36550 FORCAREI (Pontevedra)  
Tfños: 986 75 50 36 · 986 75 54 32 · Fax: 986 75 40 82  
C.I.F. P - 3601800 - J

Páxina Web: <http://www.forcarei.net>  
E-mail: [concello.forcarei@forcarei.net](mailto:concello.forcarei@forcarei.net)  
[concello.forcarei@eidolocal.es](mailto:concello.forcarei@eidolocal.es)

## CADRO RESUMO DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES

|                                                                                               |                                                             |                                                            |                                         |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------|-----------------------------------------|
| <b>1. PODER ADXUDICADOR:</b>                                                                  |                                                             |                                                            |                                         |
| <b>ADMINISTRACIÓN<br/>CONTRATANTE:</b><br>CONCELLO DE<br>FORCAREI                             | <b>Órgano de contratación:</b><br>XUNTA DE GOBERNO<br>LOCAL | <b>Número de expediente</b>                                | OBRAS 6/2016                            |
|                                                                                               |                                                             | <b>Tipo de procedemento</b>                                | ABIERTO                                 |
|                                                                                               |                                                             | <b>Publicidade:</b>                                        | SI                                      |
|                                                                                               |                                                             | <b>Tipo de contrato:</b>                                   | OBRAS                                   |
|                                                                                               |                                                             | <b>Tramitación:</b>                                        | URXENTE                                 |
|                                                                                               |                                                             | <b>Criterios Adjudicación:</b>                             |                                         |
| <b>2. OBJETO DO CONTRATO: PAVIMENTACIÓN NA VIA MUNICIPAL CEMITERIO MEAVIA-ESTRADA EP 7201</b> |                                                             |                                                            |                                         |
| CPV: 45233220-7                                                                               |                                                             | DESCRIPCIÓN DE CPV: TRABALLOS DE PAVIMENTACION DE ESTRADAS |                                         |
| <b>3. IMPORTE DO CONTRATO</b>                                                                 |                                                             |                                                            |                                         |
| IMPORTE NETO: 64.238,60 €                                                                     |                                                             | IVE(21%) 13.490,11€                                        | IMPORTE TOTAL: 77.728,71 €              |
| <b>ANUALIDADES:</b>                                                                           |                                                             |                                                            |                                         |
| EXERCICIO: 2016                                                                               |                                                             | EXERCICIO:                                                 | EXERCICIO:                              |
| REVISIÓN DE PREZOS: NO                                                                        |                                                             |                                                            |                                         |
| FÓRMULA:                                                                                      |                                                             | SISTEMA DE REVISIÓN :                                      |                                         |
| <b>4. FINANCIAMENTO</b>                                                                       |                                                             |                                                            |                                         |
| FINANCIAMENTO CONCELLO: %                                                                     |                                                             | FINANCIAMENTO COMUNIDADE AUTÓNOMA: %                       | FINANCIAMENTO OUTROS: DEPUTACION: 100 % |
| <b>5. PRAZO DE EXECUCIÓN</b>                                                                  |                                                             |                                                            |                                         |
| 8 DÍAS                                                                                        |                                                             | PRÓRROGAS: NO                                              | DURACIÓN MÁXIMA:                        |
| <b>6. GARANTÍAS</b>                                                                           |                                                             |                                                            |                                         |
| PROVISIONAL: NON                                                                              |                                                             | ASCENDE A %                                                |                                         |
| DEFINITIVA: SI                                                                                |                                                             | ASCENDE A 5% adjudicación contrato excluído IVE            |                                         |
| COMPLEMENTARIA: NON                                                                           |                                                             | ASCENDE A %                                                |                                         |
| <b>7. MESA DE CONTRATACIÓN: SI</b>                                                            |                                                             |                                                            |                                         |
| <b>8. CLASIFICACIÓN DEL CONTRATISTA</b><br>NON                                                |                                                             | GRUPO:                                                     | SUBGRUPO: CATEGORÍA:                    |



**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERAN A CONTRATACIÓN, POR URXENCIA, PARA ADXUDICAR POLO PROCEDEMENTO ABERTO CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE VALORACIÓN AS OBRAS DE "PAVIMENTACIÓN NA VIA MUNICIPAL CEMITERIO MEAVIA-ESTRADA EP 7201", DO PLAN CONCELLOS 2016 (LIÑA 1) DA DEPUTACION PROVINCIAL DE PONTEVEDRA.**

Expediente: OBRAS 06/2016

**CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto e cualificación**

O obxecto do contrato é a realización das obras de **"PAVIMENTACIÓN NA VIA MUNICIPAL CEMITERIO MEAVIA-ESTRADA EP 7201" DO PLAN CONCELLOS 2016 (LIÑA 1) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA**, con arranxo ao proxecto técnico redactado pola Enxeñeiro de camiños, canais e portos, dona Leticia Diéguez Alonso.

O proxecto técnico, condicións técnicas e cadros de prezos xuntamente coas cláusulas económico-administrativas deste prego, incluído o correspondente estudio de seguridade e saúde ou estudio básico de seguridade e saúde (artigo 4 do Decreto 1627/97), terán carácter contractual.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de obras, tal e como establece o artigo 6 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Código CPV: 45233220-7 TRABALLOS DE PAVIMENTACION DE ESTRADA.

**CLÁUSULA SEGUNDA. Procedemento de selección e adxudicación**

A forma de adxudicación do contrato de obras de **"PAVIMENTACIÓN NA VIA MUNICIPAL CEMITERIO MEAVIA-ESTRADA EP 7201"** será o **procedemento aberto**, en que todo empresario interesado poderá presentar unha



proposición e no que quedará excluída toda negociación dos termos do contrato, de acordo co artigo 157 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

**Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase a varios criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato,** conforme o artigo 150.1 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e coa cláusula décima deste prego.

#### CLÁUSULA TERCEIRA. Perfil do contratante

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este concello conta co perfil do contratante, ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na seguinte páxina **web:www.forcarei.net**.



#### CLÁUSULA CUARTA. Importe do contrato

O importe deste contrato ascende á contía de **sesenta e catro mil douscentos trinta e oito euros con sesenta céntimos. (64.238,60 €)**, ao que se lle engadirá o imposto sobre o valor engadido por valor de **trece mil catrocentos noventa euros con once céntimos (13.490,11 €)**, o que supón un total de **setenta e sete mil setecentos vinte e oito euros con setenta e un céntimos (77.728,71 €)**.

O valor estimado do contrato ascende á contía de **sesenta e catro mil douscentos trinta e oito euros con sesenta céntimos. (64.238,60 €)**, (IVE excluído), tendo en conta as súas posibles prórrogas e modificacións.

O importe aboarase con cargo á aplicación 453.619.01 do vixente orzamento municipal; xa que existe crédito suficiente ata o importe aprobado polo Concello e queda acreditada a plena dispoñibilidade das achegas que permiten financiar o contrato con cargo as seguintes:



- Achega da Deputación Provincial ..... 100 %

Este prezo inclúe a totalidade das obras, subministracións de materiais da calidade especificada na oferta e gastos de contratación, acometidas provisionais de obra, inspección, vixilancia, control e liquidación de obra, cargas e seguros sociais e todos os impostos, taxas e arbitrios xerados como consecuencia da contratación e que graven os diversos conceptos da construción ata a terminación e entrega da obra, exceptuando o imposto de construcións, instalacións e obras e a licenza municipal de obra.

A obra contrátase por axuste, a prezo global e pechado para todos os efectos, polo que se entende que o contratista, ao concorrer ao acto do contrato, verificou un detido estudo dos documentos que compoñen o proxecto e, polo tanto, acepta implicitamente os posibles erros, omisións ou equivocacións que se puidesen producir no devandito proxecto, suplindo, segundo os usos da boa construción a xuízo da dirección facultativa, as especificacións que se omitisen, de xeito que a obra cumpra a súa finalidade inmediatamente despois da súa terminación, e entendéndose que non cabe discusión ou reclamación no tocante a medidas, unidades ou prezos, así como aos erros de cálculo orixinados nas operacións aritméticas por eses conceptos.



Aínda que se contrata a obra a prezo global e pechado, os prezos unitarios do proxecto preséntanse para os efectos de resolver problemas derivados, de ser o caso, da aparición de unidades de obras novas por modificación do proxecto imposto polo propietario ou para o caso de que, por circunstancias excepcionais, imprevistas e inevitables, deba introducirse algunha modificación na natureza ou calidade de unidades de obra. Neste caso, avaliarase o seu importe polos prezos asignados a outras unidades de obra ou materiais análogos, se os hai, e, cando non, utilizaranse prezos contraditorios.

#### **CLÁUSULA QUINTA. Certificacións de obras e forma de pagamento**

As liquidacións de obras realizaranse mediante certificacións mensuais de obra á orixe, que recollerán as obras executadas no mes e a súa valoración conforme á súa oferta económica. Non poderá ser promovida polo contratista reclamación ningunha para unha modificación dos prezos ofertados por aumento ou diminución da medición que resulte durante a execución das obras ou ben por erros de proxecto, decisións da dirección



facultativa das obras ou outras circunstancias análogas que non teñan a expresa aprobación.

Por todo iso, as empresas que participen na licitación, comprobarán as medicións, partidas e especificacións do proxecto técnico, tendo en conta na súa oferta todo o necesario para a correcta execución material, e a devandita complexidade en ningún momento será causa de modificación do prezo e prazo para o suposto de que esta sexa superior á inicialmente prevista, sendo responsabilidade do adxudicatario proporcionar solucións funcionais completas, correctas e duradeiras, aínda que non se encontren recollidas, sexan incompletas ou incorrectas as do proxecto técnico.

#### CLÁUSULA SEXTA. Duración do contrato

A duración do contrato de obras de "**PAVIMENTACIÓN NA VIA MUNICIPAL CEMITERIO MEAVIA-ESTRADA EP 7201**" será de 8 días.

A execución do contrato de obras comezará coa acta de comprobación da implantación no prazo máximo de un mes desde a data de formalización do contrato.

#### CLÁUSULA SÉTIMA. Acreditación da aptitude para contratar

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, que non estean incursas en prohibicións de contratar e que acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

1. A **capacidade de obrar** do empresario acreditarase:

a. Dos empresarios que sexan **persoas xurídicas**, mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, en que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, se é o caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.



b. Dos **empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea**, pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

c. Dos **demais empresarios estranxeiros**, co informe da misión diplomática permanente de España no Estado correspondente ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2. A proba, por parte dos empresarios, de **non estaren incursos nalgunha das prohibicións para contratar** do artigo 60 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, poderá realizarse:

a. Mediante un testemuño xudicial ou unha certificación administrativa, segundo os casos. Cando o dito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable.

b. Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable.

3. A **solvencia do empresario**:

3.1. A **solvencia económica e financeira** do empresario acreditarase, de acordo co art. 75 do TRLCSP:

Deberase acreditar un volume anual de negocios referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos exercicios concluídos por un importe mínimo dunha vez e media do valor anual medio do contrato.

Documentación a presentar:



a) No caso de entidades con personalidade xurídica propia (sociedades mercantís):

- As contas anuais (conta de perdas e ganancias) dos cinco últimos anos presentadas no Rexistro Mercantil ou no rexistro oficial que corresponda e/ou os modelos 200 (declaración-liquidación do Imposto sobre Sociedades) dos tres últimos anos.

b) No caso de titulares de actividades económicas no ámbito do Imposto Sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF).

b.1) Empresarios e profesionais con tributación do IRPF mediante o método de estimación directa normal ou simplificada.

- Libro de rexistro de vendas e ingresos dos tres últimos anos (que deberán estar debidamente legalizados para aqueles que teñan a mencionada obriga).

- Modelo 390 (declaración do resumo anual IVE) dos tres últimos anos e/ou modelo 100 (documento de ingreso ou devolución da declaración do IRPF) dos tres últimos anos.

b.2) Empresarios e profesionais con tributación do IRPF mediante o método de estimación obxectiva.

- Libro de rexistro de vendas e ingresos dos tres últimos anos e/ou modelo 100 (documento de ingreso ou devolución da declaración do IRPF) dos últimos tres anos.

-Declaración responsable asinada polo representante legal que acredite que o libro de rexistro de vendas e ingresos reflicte a imaxe fiel da actividade económica da empresa. No caso de non dispor do libro de rexistro de vendas e ingresos a declaración debe acreditar que o rendemento neto da actividade reflicte a imaxe fiel da actividade económica da empresa.

3.2. Nos contratos de obras, a **solvencia técnica** do empresario acreditarase, de acordo co art. 76 do TRLCSP:

a) Relación das obras executadas no curso dos dez últimos anos, avalada por certificados de boa execución para as obras máis importantes; estes certificados indicarán o importe,



as datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas cales se rexe a profesión e se levaron normalmente a bo termo.

O importe destes contratos xustificados no ano de maior execución (sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido) debe ser igual ou superior ao 70 % do valor estimado do contrato, o da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato.

b) Declaración na que se indicará a maquinaria, o material e o equipo técnico do que se disporá para a execución das obras, á que se lle achegará a documentación acreditativa pertinente.

#### CLÁUSULA OITAVA. Clasificación do contratista

Dada a contía deste contrato e conforme o previsto no artigo 25.1 do Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aínda en vigor tal e como establece a disposición transitoria cuarta do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, **non se esixe clasificación.**

#### CLÁUSULA NOVENA. Presentación de proposicións e documentación administrativa

As ofertas presentaranse no **Concello**, na Praza da Igrexa nº 1, en horario de atención ao público de 8 a 15 horas de luns a venres, de 16:30 a 19:00 horas os luns e de 9 a 14 horas os sábados, no **prazo de trece días naturais** contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no *Boletín Oficial da Provincia*.

As proposicións poderán presentarse por correo, por telefax ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, en calquera dos lugares establecidos no artigo en 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cando se envíen as proposicións por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle ao órgano de contratación a



remisión da oferta, o mesmo día, mediante un télex, fax ou telegrama que consigne o número de expediente, o título completo do obxecto do contrato e o nome do licitador.

A acreditación da recepción do dito télex, fax ou telegrama levarase a cabo mediante unha dilixencia emitida o mesmo día polo secretario municipal. Sen a concorrencia de ambos os requisitos, non se admitirá a proposición se o órgano de contratación a recibe despois da data en que termina o prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, unha vez transcorridos os dez días seguintes a esa data sen que se recibise a documentación, esta non será admitida.

Os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán cumprir, ademais, os requisitos establecidos na disposición adicional décimo sexta do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición *[sen prexuízo do establecido nos artigos 147 e 148 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro]*. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figura en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas subscritas por el.

A presentación dunha proposición supón a aceptación incondicional por parte do empresario das cláusulas deste prego.

**As proposicións** para participar na licitación presentaranse en **dous sobres pechados**, asinados polo licitador e con indicación do domicilio para os efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda **Proposición para licitar a contratación das obras de "PAVIMENTACIÓN NA VIA MUNICIPAL CEMITERIO MEAVIA-ESTRADA EP 7201"**. A denominación dos sobres é a seguinte:

— **Sobre «A»: Documentación administrativa.**



— Sobre «B»: **Proposición económica e documentación cuantificable de forma automática.**

Os documentos que se deben incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme a lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre incluíranse os seguintes documentos, así como unha relación numerada deles:

**SOBRE «A»**

**DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA**

[SUPOSTO A) ACHEGA INICIAL DE DOCUMENTACIÓN MEDIANTE DECLARACIÓN RESPONSABLE]

**a) Declaración responsable do licitador** indicativa das condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración.

Presentarase de acordo co seguinte modelo:

**«MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE**

D. \_\_\_\_\_, con domicilio para efectos de notificacións en \_\_\_\_\_, r/ \_\_\_\_\_, núm. \_\_\_\_\_, correo electrónico \_\_\_\_\_ con DNI núm. \_\_\_\_\_, en representación da entidade \_\_\_\_\_, con CIF núm. \_\_\_\_\_, para os efectos da súa participación na licitación \_\_\_\_\_, ante \_\_\_\_\_,

**DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**

**PRIMEIRO.** Que se dispón a participar na contratación das obras de \_\_\_\_\_.



**SEGUNDO.** Que cumpre todos os requisitos previos esixidos polo punto primeiro do artigo 146 do texto refundido da Lei de contratos do sector público para ser adxudicatario do contrato de obras consistente en \_\_\_\_\_, en concreto:

- Que posúe personalidade xurídica e, de ser o caso, representación.
- Que está debidamente clasificada a empresa ou, de ser o caso, que conta cos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.
- Que non está incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 60 do texto refundido da Lei de contratos do sector público e que está ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- Que se somete á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para todas as incidencias que, de xeito directo ou indirecto, puidesen xurdir do contrato, con renuncia, de ser o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle poida corresponder ao licitador (en caso de empresas estranxeiras).
- Que o enderezo de correo electrónico en que facer notificacións é \_\_\_\_\_.

**TERCEIRO.** Que se compromete a acreditar a posesión e validez dos documentos aos que se fai referencia no punto segundo desta declaración, en caso de que sexa proposto como adxudicatario do contrato ou en calquera momento en que sexa requirido para iso.

E para que conste, asino esta declaración.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Sinatura do declarante

Asdo.: \_\_\_\_\_»



**SOBRE «B»**  
**PROPOSICIÓN ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN CUANTIFICABLE DE**  
**FORMA AUTOMÁTICA**

**a) Proposición económica.**

Presentarase de acordo co seguinte modelo:

«D. \_\_\_\_\_, con domicilio para os efectos de notificacións  
en \_\_\_\_\_, r/ \_\_\_\_\_, núm. \_\_\_\_\_, correo  
electrónico \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_, en representación da entidade  
\_\_\_\_\_, con CIF \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_ informado do  
expediente para a contratación das obras de **"PAVIMENTACIÓN NA VIA  
MUNICIPAL CEMITERIO MEAVIA-ESTRADA EP 7201"** por procedemento  
aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación,  
anunciado no *Boletín Oficial da Provincia* núm. \_\_\_\_\_, do \_\_\_\_\_, e no perfil do  
contratante, fago constar que coñezo o prego que serve de base para o contrato e que o  
acepto integramente, que participo na licitación e que me comprometo a levar a cabo o  
obxecto do contrato polo prezo global e pechado de:

- a) Prezo sen IVE.....€  
IVE.....€  
Total (A+B).....€  
Melloras no prezo (diferenza entre prezo licitación e prezo ofertado).....€
- b) Maior prazo de garantía: ..... Meses a partir do ano previsto
- c) Redución do prazo de execución..... días.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Sinatura do licitador



Asdo.: \_\_\_\_\_»

#### CLÁUSULA DÉCIMA. Garantía provisional

Non se esixe.

#### CLÁUSULA DÉCIMO PRIMEIRA. Criterios de adxudicación

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase ós seguintes criterios de adxudicación:

a) Melloras no prezo

b) **Maior prazo de garantía,** a partir do ano previsto no artigo 235.3 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro

c) **Redución do prazo de execución.**

Os criterios antes indicados ponderaranse como a continuación se especifica:

- Criterio a)..... 50 puntos
- Criterio b)..... 25 puntos
- Criterio c)..... 25 puntos

O Órgano contratante reservase a facultade de adxudicar o contrato a proposición mais vantaxosa, sen atender necesariamente ó valor económico da mesma, ou declarar deserto o concurso.

#### CLÁUSULA DÉCIMO SEGUNDA. Mesa de contratación

A mesa de contratación, de acordo co establecido no punto 10 da disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, en relación co artigo 21.2 do Real decreto



817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, estará presidida por un membro da corporación ou un funcionario dela e actuará como secretario un funcionario da corporación. Formarán parte dela, **polo menos, catro vogais**, entre os que estará o secretario ou, se é o caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico e o interventor, así como aqueles outros que designe o órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da corporación, ou membros electos dela.

Conforman a mesa de contratación os seguintes membros:

PRESIDENTE:

— D. BELÉN CACHAFEIRO ANTA, Alcaldesa do Concello de Forcarei, ou persoa na que delegue.

VOCAIS:

— D. M<sup>a</sup> ELENA SUEIRO FERNÁNDEZ, Secretaria do Concello de Forcarei, ou persoa na que delegue.

— D. FERNANDO CANABAL BARREIRO, Administrativo de Intervención, ou persoa na que delegue.

— D. MARCELINO ARMADA FERNANDEZ, Administrativo do Concello de Forcarei, ou persoa na que delegue.

— D. RICARDO VILLAVERDE IGLESIAS, Tenente de Alcalde do Concello de Forcarei, ou persoa na que delegue.

— D. M<sup>a</sup> DEL CARMEN MATO CACHAFEIRO, Administrativo do Concello de Forcarei, ou persoa na que delegue, que actuará como secretaria da mesa.

#### CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA. Prerrogativas da Administración

O órgano de contratación, de acordo co artigo 210 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ten as seguintes prerrogativas:

- Interpretación do contrato.
- Resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.



- c) Modificación do contrato por razóns de interese público.
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

#### **CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA. Apertura das proposicións**

Concluído o prazo de presentación de proposicións, a Mesa de Contratación procederá á cualificación previa da documentación xeral do sobre A) en sesión non pública.

A Mesa de Contratación, de acordo co previsto no art. 22 DO RXLCAP, poderá solicitar do empresario aclaración sobre os certificados ou documentos presentados para xustificación da súa capacidade, solvencia técnica e económica e ausencia de prohibicións para contratar, ou incluso pedirlle a presentación doutros complementarios. Teles requirimentos deberán de cumprimentarse nun prazo máximo de 5 días naturais.

Se a Mesa de Contratación observara defectos ou omisión subsanables na documentación presentada, concederá un prazo non superior a 3 días hábiles para que os licitadores os subsanen.

Os requirimentos de complemento ou aclaración e de subsanación de documentación faranse públicos mediante o seu anuncio no taboleiro de edictos do Concello, sen prexuízo da súa notificación individual aos empresarios afectados.

En todo caso, non procederá a apertura das proposición presentadas ata que a Mesa decidise sobre as que fosen admitidas, unha vez transcorridos, de haberse requirido, os prazos anteriores para complemento, aclaración ou subsanación da documentación.

Do actuado conforme ao sinalado nesta cláusula deixarase constancia expresa na acta que ó efecto deberá de levantarse, na que, así mesmo, farase pronunciamento explícito sobre os empresarios admitidos á licitación, os rexeitados e as causas da súa exclusión.


Cualificada a documentación xeral, a Mesa de Contratación procederá á apertura e exame das proposicións que conteñen a oferta económica e documentación técnica (sobre B) en acto público que terá lugar, no suposto de que non se outorgue prazo de subsanación e que non se comunique a remisión de proposicións por correo, **o quinto día hábil**



**seguinte** ó de terminación do prazo de presentación de poposicións. **As 11:00 horas, no Salón de Actos da Casa do Concello.**

A efectos da celebración o sábado considerase inhábil.

Nos supostos de outorgarse prazo de subsanación, de presentarse ofertas por correo ou de requirirse aclaración, complementos ou subsanación da documentación presentada, o acto público de apertura de proposición celebrarase no lugar e día que se sinale o taboleiro de anuncios da Corporación ou perfil do contratante.



Nesta sesión, polo Presidente darase conta do resultado da cualificación da documentación xeral presentada polos licitadores nos sobres A, indicando os excluídos e as causas de exclusión, as proposicións admitidas e as rexeitadas.

As ofertas que correspondan a proposición rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato e os sobres que as conteñan non poderán ser abertos.



Antes da apertura da primeira proposición convidaráselles aos licitadores interesados a que manifesten as dúbidas que lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedendo a Mesa ás aclaración e contestacións pertinentes, pero sen que neste momento poida aquela facerse cargo de documentos que non se entregasen durante o prazo de admisión de ofertas, ou o de corrección ou emenda de defectos ou omisións.

Na apertura dos sobre B) darase lectura ós escritos de modelos de proposicións presentados.

No prazo máximo de 2 meses dende a apertura das proposicións, a Mesa de Contratación procederá a realizar a súa proposta de adxudicación para o cal con carácter previo poderá solicitar os informes e asesoramentos que teña por convenientes e se relacionen co obxecto do contrato, reuníndose cantas veces sexan necesarias.

A Mesa de contratación formulará a correspondente proposta de adxudicación ó órgano de contratación, a favor da oferta que resulte economicamente máis vantaxosa das presentadas e admitidas e unha vez ponderados os criterios de valoración.



### CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA. Requirimento de documentación

O órgano de contratación requiriralle ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa que, dentro do prazo de dez días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa *[do cumprimento dos requisitos previos a que fai referencia o artigo 146.1 do texto refundido da Lei de contratos do sector público (se a achega inicial da dita documentación é substituída por unha declaración responsable do licitador<sup>1</sup>), así como]* de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, ou que autorice o órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso, de dispor efectivamente dos medios que se comprometese a dedicar ou adscribir á execución do contrato, conforme o artigo 64.2 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e de ter constituído a garantía definitiva que sexa procedente.

O momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia exigidos para contratar coa Administración será o da finalización do prazo de presentación das proposicións.

### CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA. Garantía definitiva

O licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa deberá acreditar a constitución da garantía dun 5 % do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido.

Esta garantía poderá prestarse nalgunha das seguintes formas:

a) En efectivo ou en valores de débeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas delegacións de Economía e Facenda, ou nas caixas ou establecementos públicos equivalentes das comunidades autónomas ou entidades locais



contratantes ante as cales deban producir efectos, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan.

b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta lei, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que se deberá depositar nos establecementos sinalados na alínea a) anterior.

c) Mediante contrato de seguro de caución, subscrito na forma e condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado do seguro deberase entregar nos establecementos sinalados na alínea a) anterior.

A garantía non será devolta ou cancelada ata que se produza o vencemento do prazo de garantía e se cumpra satisfactoriamente o contrato.

Esta garantía responderá aos conceptos incluídos no artigo 100 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e transcorrido un ano desde a data de terminación do contrato sen que a recepción formal e a liquidación teñan lugar por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, á súa devolución ou cancelación unha vez depuradas as responsabilidades a que se refire o devandito artigo 100.

A acreditación da constitución da garantía poderase facer mediante medios electrónicos.

**CLÁUSULA DÉCIMO SÉTIMA. Ofertas con valores anormais ou desproporcionados**

O carácter desproporcionado ou temerario da oferta será analizado á vista dos informes que, para o efecto, poidan asinar os técnicos municipais. Con anterioridade á emisión deste informes, solicitarase da empresa ofertante a xustificación da viabilidade da súa



proposta, que deberá presentar no prazo de 3 días hábiles e referirse aos termos sinalados no artigo 152.3 do TRLCSP, sobre esta xustificación pronunciáranse os informes técnicos.

Tal e como establece o artigo 85 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos:

- Cando concorrendo, un solo licitador, esta sexa menos ó presuposto base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais.
- Cando concorran dous licitadores a que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais a outra oferta.
- Cando concorran tres licitadores consideraranse, en principio, desproporcionadas ou temerarias as ofertas que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, excluírase para o cómputo da mesma a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de 10 unidades porcentuais á dita media.
- Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a dita media en máis de 10 unidades porcentuais, procederase ao cálculo dunha nova media solo coas ofertas que non se atopen no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

Así mesmo, o órgano de contratación, tendo en conta a relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada, e á vista das explicacións do licitador e dos informes técnicos, declarará que a oferta non poderá ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores desproporcionados ou anormais, cando o custo das variantes ou melloras sinaladas na oferta supoñan a imposibilidade de obter beneficio algún coa execución do contrato neses termos.

As ofertas así declaradas serán excluídas da licitación.

#### **CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA. Adxudicación do contrato**

Unha vez recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.



En ningún caso poderá ser declarada deserta unha licitación cando esixa algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que recolle este prego.

A adxudicación, que deberá ser motivada, notificaráselles aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil do contratante.

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que lle permita ao licitador excluído ou candidato descartado interpor un recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación. En particular, expresará os seguintes aspectos:

- En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimou a súa candidatura.
- Respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, tamén de forma resumida, as razóns polas cales non se admitiu a súa oferta.
- En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario determinantes de que fose seleccionada a oferta deste con preferencia ás que presentasen os restantes licitadores cuxas ofertas fosen admitidas.
- Na notificación e no perfil do contratante indicarse o prazo en que debe procederse á formalización.

#### **CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA. Formalización do contrato**

A formalización do contrato en documento administrativo farase dentro dos quince días hábiles seguintes á data da notificación da adxudicación; o dito documento constituirá título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública e os correspondentes gastos correrán pola súa conta.

#### **CLÁUSULA VIXÉSIMA. Dereitos e obrigas do adxudicatario**



Ademais das obrigas xerais derivadas do réxime xurídico deste contrato, son obrigas específicas do contratista as seguintes:

A) Aboamentos ao contratista.

A expedición das certificacións da obra executada realizarase nos prazos que sinale o director da obra. A obra certificada valorarase de acordo cos prezos do proxecto técnico. As certificacións terán sempre carácter provisional e quedarán suxeitas á medición e certificación que se poida facer na liquidación final; non suporán, polo tanto, nin aprobación nin recepción das obras que comprendan.

O contratista poderá desenvolver os traballos con maior celeridade que a necesaria para executar as obras no prazo contractual, salvo que a xuízo da dirección das obras existisen razóns para consideralo inconveniente.

Poderanse verificar aboamentos á conta, logo da petición escrita do contratista, por provisión de materiais, instalacións e equipamentos adscritos á obra, na forma e coas garantías que, para tal efecto, determinan o artigo 232 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e os artigos 155 a 157 do RXLCAP.

B) Obrigas do contratista.

Ademais das obrigas xerais derivadas do réxime xurídico deste contrato, son obrigas específicas do contratista as seguintes:

— Obrigas laborais e sociais. O contratista está obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de prevención de riscos laborais.

— O contratista está obrigado a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso (artigo 64.2 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro).



— O contratista está obrigado ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 227 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, para os supostos de subcontratación.

— Sinalización das obras. O contratista está obrigado a instalar á súa custa as sinalizacións precisas para indicar o acceso á obra, a circulación na zona que ocupan os traballos e os puntos de posible perigo debidos á marcha daqueles, tanto na devandita zona coma nos seus lindeiros e inmediacións.

— O contratista deberá cumprir as previsións recollidas no Plan de seguridade e saúde no traballo.

— Gastos esixibles ao contratista. Correrán pola conta do contratista os gastos e impostos do anuncio ou anuncios de adxudicación, ata o límite máximo de 1.500 euros, da formalización do contrato, así como calquera outros que resulten de aplicación, segundo as disposicións vixentes, na forma e contía que estas sinalen. En caso de que o esixa algunha das administracións que financia a obra, o contratista instalará á súa custa letreiros de identificación da obra, coas características que se establezan.

#### **CLÁUSULA VIXÉSIMA PRIMEIRA. Plan de seguridade e saúde no traballo**

Unha vez formalizado o contrato, o adxudicatario elaborará un Plan de seguridade e saúde no traballo da obra, axustado ao estudo de seguridade e saúde [(ou, se é o caso), estudo básico de seguridade] do proxecto, no que se analicen, estuden, desenvolvan e complementen as previsións contidas nestes.

No devandito plan incluíranse, de ser o caso, as propostas de medidas alternativas de prevención que o contratista propoña, coa correspondente xustificación técnica, que non poderán supoñer unha diminución do nivel de protección previsto no estudo.

O Plan será aprobado polo Concello antes do inicio da obra, logo do informe do coordinador en materia de seguridade e saúde ou da dirección facultativa da obra, se non for preceptivo designar un coordinador, e comunicaráselle á autoridade laboral. Unha vez realizado este trámite, procederase á acta de implantación e ao inicio da obra [artigo 7.2 do



*Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción].*

#### **CLÁUSULA VIXÉSIMO SEGUNDA. Revisión de prezos**

O prezo deste contrato en ningún caso poderá ser obxecto de revisión.

#### **CLÁUSULA VIXÉSIMO TERCEIRA. Recepción e prazo de garantía**

Á recepción das obras, no momento da súa terminación, concorrerá o responsable do contrato, se houbese un nomeado, ou un facultativo designado pola Administración representante desta, o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista asistido, se o considera oportuno, polo seu facultativo.

Dentro do prazo de tres meses contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que lle será aboada ao contratista á conta da liquidación do contrato.



Se se atopan as obras en bo estado e de acordo coas prescricións previstas, o funcionario técnico designado pola Administración contratante e representante desta daralas por recibidas, redactarase a correspondente acta e comezará entón o prazo de garantía.

Cando as obras non se encontren en estado de seren recibidas, farase constar así na acta e o seu director sinalará os defectos observados, detallará as instrucións precisas e fixará un prazo para remediar aqueles. Transcorrido o dito prazo, de o contratista non o ter feito, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declararse resolto o contrato.

Establécese un prazo de garantía de **un ano** contado desde a data de recepción das obras.

Dentro do prazo de quince días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou por instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se este é favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, salvo o disposto no artigo seguinte, polo que se procederá á devolución ou cancelación da garantía, á liquidación do contrato e, se é o caso, ao pagamento das



obrigas pendentes, que se deberá efectuar no prazo de sesenta días. No caso de que o informe non sexa favorable e os defectos observados se deban a deficiencias na execución da obra e non ao uso do construído, durante o prazo de garantía, o director facultativo procederá a ditar as oportunas instrucións ao contratista para a debida reparación do construído, e concederlle un prazo para isto durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade ningunha por ampliación do prazo de garantía.

Se a obra se arruína con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido a incumprimento do contrato por parte do contratista, este responderá dos danos e perdas que se manifesten durante un prazo de quince anos contados desde a recepción.

#### **CLÁUSULA VIXÉSIMO CUARTA. Execución do contrato**



A execución do contrato de obras comezará coa segunda acta de comprobación da implantación e inicio das obras. Para tales efectos, dentro do prazo que se consigne no contrato, que non poderá ser superior a un mes desde a data da súa formalización, salvo en casos excepcionais xustificados, o servizo da Administración encargada das obras procederá, en presenza do contratista, a realizar a comprobación da implantación feita con ocasión da aprobación do proxecto de obras; esta segunda acta do resultado redactarase e será asinada por ambas as partes interesadas. Remitiráselle un exemplar dela ao órgano que asinou o contrato.

As obras executaranse con estrita suxeición ás estipulacións contidas neste prego de cláusulas administrativas particulares, ao proxecto que serve de base ao contrato e conforme ás instrucións que en interpretación técnica deste lle dea(n) ao contratista o director facultativo das obras [*e, de ser o caso, o responsable do contrato*] nos ámbitos da súa respectiva competencia.

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización deste, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.



A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.

#### **CLÁUSULA VIXÉSIMO QUINTA. Modificación do proxecto**

A consideración da necesidade da modificación do proxecto rae exclusivamente no director de obra, quen solicitará de forma inmediata a autorización do órgano de contratación para iniciar o correspondente expediente e redactar un proxecto modificado unha vez autorizado.

Unicamente poderase modificar o contrato cando polas circunstancias previstas no artigo 107 TRLCSP.

#### **CLÁUSULA VIXÉSIMO SEXTA. Facturas**

Conforme a disposición adicional trixésimo terceira do texto refundido da Lei de contratos do sector público, o contratista terá a obriga de presentar a factura que expedise polos servizos prestados ante o correspondente rexistro administrativo para os efectos da súa remisión ao órgano administrativo ou unidade a que lle corresponda a súa tramitación.

Na factura incluíranse, ademais dos datos e requisitos establecidos no artigo 72 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións públicas, os seguintes aspectos previstos no punto segundo da disposición adicional trixésimo terceira.

- a) Que o órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local.
- b) Que o órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública é a Intervención.
- c) Que o destinatario é Alcaldía.

*[Deberase ter en conta que, de acordo co punto cuarto do artigo 216 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, para que proceda o inicio do cómputo do prazo para a obriga de aboamento de xuros, o contratista deberá cumprir a obriga de presentar a factura ante o rexistro*



*administrativo correspondente, dentro do termo establecido e na forma pertinente, no prazo de trinta días desde a data de entrega efectiva das mercadorías ou da prestación do servizo.]*

#### **CLÁUSULA VIXÉSIMO SÉTIMA. Penalidades por incumprimento**

Imporanse penalidades ao contratista cando incorra nalgunha das causas previstas a continuación:

- a) **Por cumprimento defectuoso.** Imporanse penalidades por cumprimento defectuoso nos seguintes termos:

Se, ao tempo da recepción, as obras non se atopan en estado de ser recibidas por causas imputables ao contratista.

Como regra xeral, a súa contía será un 1 % do orzamento do contrato, salvo que, de xeito motivado, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.



En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá ao contratista da obrigaón que legalmente lle incumbe en canto á reparación dos defectos.

- b) **Por incumprir criterios de adxudicación.** Imporanse ao contratista penalidades por incumprir os criterios de adxudicación nos seguintes termos:

Se, durante a execución do contrato ou ao tempo da súa recepción, apreciase que, por causas imputables ao contratista, incumpriuse algún ou algúns dos compromisos asumidos na súa oferta, en especial os relativos ao volume de man de obra a empregar na execución do contrato.

Para considerar que o incumprimento afecta a un criterio de adxudicación será preciso que ao descontarse un 25 % da puntuación obtida polo contratista no criterio de adxudicación incumplido, resultara que a súa oferta non fora a mellor valorada.



Como regra xeral, a súa contía será un 1 % do orzamento do contrato, salvo que, de xeito motivado, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán alcanzar ata un 5 % ou ata o máximo legal do 10 %, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

c) **Por demora.** *Cando o contratista, por causas que lle foran imputables, tivera incorrido en demora, tanto en relación co prazo total como cos prazos parciais establecidos, estarase ao disposto no artigo 212 do TRLCSP en canto á imposición destas penalidades.*

#### **CLÁUSULA VIXÉSIMO OITAVA. Resolución do contrato**

A resolución do contrato producirase nos supostos que se sinalan neste prego e nos fixados nos artigos 223 e 237 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e será acordada polo órgano de contratación, de oficio ou por instancia do contratista.

Cando o contrato sexa resolto por culpa do contratista, incautaranse da garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización polos danos e perdas orixinados á Administración no que excedan do importe da garantía.

#### **CLÁUSULA VIXÉSIMO NOVENA. Réxime xurídico do contrato**

Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexeranse polo establecido neste prego; para o non previsto nel, serán de aplicación o texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro; o Real decreto 817/2009, do 8 de maio, e o Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, en todo o que non se opoña ao texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e estea vixente tras a entrada en vigor do Real decreto 817/2009. De maneira supletoria, aplicaranse as demais normas de dereito administrativo



e, na falta delas, as normas de dereito privado.

A orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes deste contrato, de acordo co disposto no artigo 21.1 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.



Forcarei, a 14 de xuño de 2016  
A Alcaldesa

Asdo.: Belén Cachafeiro Anta

Dilixencia.- Para facer constar que este Prego de Cláusulas Administrativas foi aprobado pola Xunta de Goberno Local o día 16 de xuño de 2016

A Secretaría-Interventora

Asdo.: M<sup>a</sup> ELENA SUEIRO FERNÁNDEZ